

Circular informativa

Santiago de Compostela, a 29 de novembro de 2018.

Prezadas compañeiras,
Prezados compañeiros,

Desde o Grupo de Traballo de Lingua Galega e Literatura diríxome a vós para informaros das directrices xerais que rexerán nesta materia nas probas de ABAU correspondentes ao presente ano académico 2018-2019. Fágoo así porque, tras algunha demora na constitución do grupo, finalmente serei eu de novo este ano o coordinador da materia.

Antes de nada, quero pedirvos desculpas polo retraso no envío desta circular, que está relacionado coa aludida demora na constitución do grupo e non supón, desde logo, falta de estima ou de recoñecemento pola nosa parte do importante traballo que realiza o profesorado da materia ao longo do curso —un curso agora xa relativamente avanzado.

Aínda que o grupo de traballo está a considerar algunhas mudanzas no deseño da proba para o futuro, no que atinxe á ABAU 2019 **mantéñense a mesma estrutura e directrices xerais que veñen rexendo a proba nos últimos anos**. Loxicamente, consolídanse os pequenos axustes que se introduciron nos dous últimos anos, derivados da aplicación do novo currículo e da matriz de especificacións da materia, publicada como anexo á *Resolución conxunta da Secretaria Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, FP e IE do 21 de febreiro de 2017 pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2016/2017, da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) para curso 2017/2018* (DOG do 27 de marzo de 2017).

Lémbrovos que na páxina web da CiUG podedes acceder ao histórico de exames de convocatorias anteriores da materia (versións PAAU e ABAU), xunto cos seus respectivos criterios de corrección.

A seguir detállanse a estrutura da proba, a ponderación das diferentes partes das que consta e as consideracións e directrices xerais relativas a cada unha desas partes.

Agardo que estas indicacións sexan de utilidade e quedo ao voso dispor para calquera aclaración que precisades ou calquera suxestión que queirades formular.

Recibide un saúdo moi cordial no nome do Grupo de Traballo e no meu propio.

Francisco Cidrás
francisco.cidras@usc.es

Estrutura e directrices xerais da proba de *Lingua e Literatura Galega II* na ABAU 2019

A **estrutura xeral da proba** e a **ponderación das diferentes partes** de que consta son as xa coñecidas de anos anteriores:

I. Competencia comunicativa	5 puntos
a) Comprensión textual	2 puntos (2 preguntas de 1 punto)
b) Produción textual	3 puntos (1 pregunta)
II. Contidos específicos da materia	5 puntos
c) Lingua e gramática	2 puntos (2 preguntas de 1 punto)
d) Lingua e sociedade	1 punto (1 pregunta)
e) Literatura	2 puntos (1 pregunta)

I. Consideracións relativas á parte de competencia comunicativa

Mantense o reforzamento da orientación comunicativa do exame en idénticos termos aos anos anteriores. Debemos concordar en que é obxectivo fundamental da nosa materia conseguirmos que o alumnado acade unha adecuada capacidade no uso comprensivo e produtivo da lingua galega. Consonte o determinado polas propias directrices curriculares, cómprenos “priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística”. Sen menosprezarmos a importancia dos contidos específicos da nosa materia (aos que loxicamente todos e todas nós somos moi sensibles) temos que asumir que a avaliación desa competencia comunicativa é esencial nunha proba de acceso á universidade, particularmente nunha materia troncal xeral de teor lingüístico como é a nosa.

Así pois, neste bloque avalíase a competencia comunicativa do alumnado, na súa dupla dimensión de comprensión e de produción de textos, de acordo coa seguinte estrutura:

a) Comprensión textual (preguntas 1 e 2)

Formularanse dúas cuestións breves —cunha valoración de 1 punto cada unha— sobre algún aspecto de interpretación e análise do texto proposto, na liña das que a continuación se indican a modo de exemplo:

- Resumo breve do texto ou dunha parte del.
- Estrutura do texto.
- Ideas principais e secundarias.
- Intencionalidade do texto.
O alumnado deberá comprender o sentido real do texto, máis alá da súa literalidade, percibindo recursos como, por exemplo, a ironía, as implicaturas, presuposicións...
- Significado concreto no texto dalgúñas palabras, expresións ou fragmentos.
- Recoñecemento e descrición de recursos cohesivos gramaticais e léxico-semánticos.
- Descrición do rexistro do texto e análise das súas manifestacións lingüísticas.

b) Produción textual (pregunta 3)

Pediráselle ao alumno ou alumna que constrúa un texto persoal cunha extensión *aproximada* de 200-250 palabras sobre un tema proposto, relacionado dalgún xeito co contido do texto do exame. Nesta pregunta valorarase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado e adecuado á situación comunicativa. A cualificación da pregunta (3 puntos) desagregarase en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) *Construción textual*: 1 punto. Valorarase:

- A adecuada selección da información, coa presenza daquela que sexa pertinente e necesaria para que o texto resulte comprensible. Terase en conta a capacidade para evitar clichés, estereotipos, lugares comúns e ideas excesivamente previsibles, así como unha orixinalidade gratuíta e afastada do contido do texto da proba.
- A coherencia discursiva. A sucesión de enunciados do texto debe presentar continuidade temática e progresión informativa. Non debe ademais introducir contradicións.
- A organización da información: estruturación do texto (p. ex., introdución, desenvolvemento e conclusións), argumentación e organización en párrafos.

2) *Adecuación léxico-gramatical*: 1 punto. Valorarase:

- A capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Terase en conta o manexo apropiado dos rexistros da lingua nas escollas lexicais e nas construcións gramaticais. O texto deberá evitar polo tanto trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados, así como aqueles que amosen un requintamento afectado. En definitiva, valorarase o bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais coma léxicos.

3) *Corrección ortográfica e gramatical*: 1 punto. Valorarase:

- O correcto dominio da ortografía e os signos de puntuación, así como a gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

A extensión proposta debe entenderse a título aproximativo e informativo. Porén, para evitar estratexias elusivas maliciosas, a presentación de textos cunha extensión *manifestamente* menor á solicitada, ao extremo de dificultar a axeitada avaliación da tarefa, suporá unha diminución proporcional da valoración global da pregunta.

Polo mesmo motivo non se tomarán en consideración os textos (ou partes deles) que carezan da necesaria pertinencia con relación ao tema proposto.

II. Consideracións relativas á parte de contidos específicos da materia

c) Lingua e gramática (preguntas 4 e 5)

Formularanse dúas preguntas breves sobre contidos de:

- Fonética e fonoloxía
- Morfoloxía e sintaxe
- Semántica e lexicoloxía
- Dialectoloxía

En canto ao contido, estas preguntas referiranse aos estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran recollidos na matriz de especificacións dentro do bloque 3 “Funcionamento da lingua”.

En canto ao enfoque, as preguntas gramaticais poderán conter algunha cuestión de gramática comprensiva, como xa ven acontecendo en exames anteriores. Nelas comprobarase a capacidade do alumnado para explicar as diferenzas no uso dunhas ou outras construcións gramaticais.

Como de costume, na resposta a estas preguntas poderá empregarse calquera das terminoloxías lingüísticas existentes, sempre que se faga de maneira coherente.

d) Lingua e sociedade (pregunta 6)

Formularanse dúas preguntas, das que o alumno ou alumna deberá responder só unha, á súa elección. As posibles preguntas son:

- 1.- Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- 2.- Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
- 3.- O galego, lingua en vías de normalización.
- 4.- O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

- 5.- O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- 6.- O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Agárdase do alumnado unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa puntuación que se lle concede á pregunta e co tempo do que se dispón para o exame. Sería desexable unha extensión *aproximada* dunhas 200 ou 250 palabras.

Ao se tratar dunha extensión breve para unha pregunta deste tipo, valorarase a capacidade para seleccionar e presentar a información máis relevante sobre o tema escollido, así como para evitar divagacións e xeneralidades.

e) Literatura (pregunta 7)

Formularanse dúas preguntas, das que se deberá responder só unha, á libre elección do alumno ou alumna. As posibles preguntas son:

- 1.- A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.¹
- 2.- A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
- 3.- A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
- 4.- O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
- 5.- A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
- 6.- A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
- 7.- A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.
- 8.- O teatro galego entre 1936 e 1975: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- 9.- A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa e teatro.
- 10.- A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
- 11.- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- 12.- O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

Non se considerarán correctas as respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras. Valorarase o tratamento, no tema escollido, dos seguintes elementos:

- Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias, etc.
- Información acerca dos principais autores/as dun período ou corrente. Esta non só debe facer referencia ás obras máis importantes senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores/as.
- Información acerca do que un grupo, autor/a ou época supuxeron na historia da literatura galega.

Como extensión orientativa podemos establecer unhas 400 palabras, *aproximadamente*. Cómpre non obstante ter en conta que neste caso a extensión pode ser moi variable dependendo de que o alumnado opte por unha redacción máis desenvolvida ou máis esquemática.

¹ Consonte a periodización adoptada no novo currículo, non se avaliarán os autores cuxa obra fose integramente publicada con anterioridade a 1916.

Observacións comúns para as preguntas 6 e 7:

1) As dúas posibilidades que se ofrecen para que o alumnado realice unicamente unha delas serán as mesmas nas Opcións A e B do exame. Deste xeito poderá escollerse unha ou outra opción sen que influan as preferencias nas preguntas de sociolingüística e de literatura.

2) A pesar de estaren formuladas sobre un repertorio pechado preestablecido, valorarase nas respostas a elaboración dun texto persoal, e non dunha reprodución puramente memorística.

Consideracións relativas á corrección lingüística

De igual maneira que se veu facendo nestes anos pasados, valorarase a corrección lingüística do exame. Os erros poderán descontar ata un máximo de 2 puntos sobre a cualificación global. O cálculo levarase a cabo segundo a seguinte clasificación:

- *Moi graves*: solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego, como tempos compostos, mala colocación dos clíticos, etc. Descontaranse 0,2 puntos por cada un.
- *Graves*: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y*, etc.) e acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 punto por cada un.
- *Leves*: solucións galegas alleas ao estándar vixente e acentuación non diacrítica. Descontaranse 0,05 puntos por cada un.

Estas penalizacións non se aplicarán sobre a pregunta 3 xa que, tal como se indicou, na propia valoración da pregunta está incluída a avaliación da corrección lingüística do texto producido.